

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### Consellería de Economía e Facenda

*Corrección de erros.—Decreto 240/1991, do 4 de xullo, polo que se desafecta do dominio público o edificio e terreos afectos ó instituto de bacharelato de Tui (Pontevedra).*

Advertidos erros no texto do citado decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, número 137, do 18 de xullo de 1991, cómpre efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 6.762, na primeira columna, artigo 1.º, segundo parágrafo, línea cuarta onde di: «... de agosto de 1981 ...», debe dicir: «... de agosto de 1989 ...».

#### Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

*Decreto 261/1991, do 12 de xullo, polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación nos proxectos das obras de acondicionamento do acceso ó porto de Barizo (Malpica).*

O 14 de xuño de 1991 o director xeral de Obras Públicas aprobou, por delegación do conselleiro, o proxecto de acondicionamento do acceso ó porto de Barizo (Malpica).

A dita obra está recollida no fondo propio da Comunidade Autónoma cunha dotación de 100.000 ptas. para o ano 1991.

Os bens que se declaran de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no dito proxecto.

A competencia para a declaración de utilidade pública, así como para a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude dos decretos de transferencias sobre estas materias, e a súa asignación á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

En virtude de todo o exposto e en aplicación dos artigos 11 e 52 da Lei de expropiación forzosa, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na reunión do día doce de xullo de mil novecentos noventa e un.

#### DISPOÑO:

Artigo único. Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación no proxecto das obras de acondicionamento do acceso ó porto de Barizo (Malpica).

Santiago de Compostela, doce de xullo de 1991.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Cufña Crespo  
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

#### Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Resolución do 19 de xuño de 1991, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, pola que se prorroga o réxime de caza controlada ás zonas denominadas Lalín 1, Lalín 2 e Lalín 3, así como a adxudicación do control e desfrute da caza nos terreos das ditas zonas á sociedade colaboradora Sociedade de Caza e Pesca de Lalín.*

De acordo co artigo 3.1 do prego de condicións técnicas que regula o control e desfrute da zona de caza controlada Lalín 1, Lalín 2 e Lalín 3, esta dirección xeral, unha vez examinados estes e maila petición presentada pola sociedade colaboradora Sociedade de Caza e Pesca de Lalín, resolve prorroga-lo réxime de caza controlada da zona por un período de tres anos, así como a concesión do control e desfrute da dita zona polo mesmo período de tempo á dita sociedade colaboradora.

Contra esta resolución cabe recurso de alzada durante o prazo de quince días perante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 1991.

Carlos del Álamo Jiménez  
Director Xeral de Montes e Medio Ambiente  
Natural